



acolle

asociación galega de residencias e centros de anciáns
de iniciativa social

MEMORIA DE ACTIVIDADES 2021



ÍNDICE

1. QUEN SOMOS.....	Páx. 3
2. OBXECTIVOS DE ACOLLE.....	Páx. 6
3. FINS DA ASOCIACIÓN.....	Páx. 7
4. LIÑAS DE ACTUACIÓN.....	Páx. 8
5. RELACIÓN DE ACTIVIDADES DESENVOLTAS.....	Páx. 9
1. Información, orientación e asesoramento.....	Pax. 9
2. Xestión e tramitación de subvencións e axudas.....	Páx. 9
3. Subvención tramitadas no ano 2021.....	Páx. 9
4. Promoción de relacións institucionais.....	Páx. 11
5. Prestación de servizos sociais como entidade de iniciativa social.....	Páx.11
6. Programas subvencionados	Páx. 11
6.1 Programa de Formación e Promoción do Voluntariado: Oficina Autonómica de Voluntaria.....	Pax. 11
6.2 Talleres de Lectura.....	Pax. 12
6.3 Programa de horticultura terapéutica en residencias de maiores.....	Pax.12
7.Programas de formación para o persoal dos centros asociados.....	Páx. 12
8.Convenio de colaboración co Concello de Pontevedra.....	Páx. 13
9. Acontecementos destacados na vida da Asociación no ano 2021.....	Páx. 14
10. Asembleas e Xuntas Directivas de Acolle.....	Páx. .14
6.- LINEAS DE ACTUACION ESTRATEXICAS 2022-2024.....	Pax.15
7.- ANEXOS.....	Páx. 17

1. QUEN SOMOS

Asociación Galega de Residencias e Centros de Anciáns de Iniciativa Social, ACOLLE, foi constituída en Santiago de Compostela o 29 de xuño de 1995, agrupando a residencias de maiores pertencentes a fundacións, asociacións e outras entidades sen fins de lucro, configurándose á súa vez como Asociación e Entidade Prestadora de Servizos Sociais.

A denominación de **ACOLLE** responde ó carácter esencial dos centros de iniciativa social como espazo de acollida para os maiores máis necesitados.

O noso logotipo está configurado pola súa denominación, abrazada por un óvalo multicolor que simboliza a nosa filosofía: acoller sen distincións.

O seu domicilio social actual atópase na rúa Sarabia nº 8, Tui, provincia de Pontevedra (Residencia “PAZ y BIEN”). Actualmente agrupamos 12 residencias e centros asociados, repartidos por toda a xeografía galega, atendendo a un total de 929 residentes.

A Asociación Galega de Centros e Residencias de Anciáns de Iniciativa Social ACOLLE, ademais de levar a cabo os seus propios proxectos e de representar ós seus asociados, está federada a “Lares-Federación de residencias y servizos de atención a los mayores-sector solidario”, representa a tódolos centros de iniciativa social a nivel estatal.

A Asociación Galega de Centros e Residencias de Anciáns de Iniciativa Social ACOLLE, ten coma obxectivos a defensa dos intereses das residencias de anciáns de iniciativa social, intentando prestar asesoramento e representar ós centros nas relacións laborais e na relación coa administración.

Non obstante, os centros que integran ACOLLE, teñen unhas características moi similares:

- Son centros de finais do século XIX, principios do XX (na maioría dos casos) que nun principio contaban coa axuda de benefactores e xente que facía doazóns para permitir que a residencia puidese seguir adiante.

- Na actualidade estes centros subsisten grazas ás achegas dos usuarios, achegas de particulares e a axudas dos Concellos e Deputacións Provinciais.
- Un dos grandes problemas que presentan os centros, son os de adecuación á normativa, xa que en moitos casos, ó ser edificios de séculos pasados, a modificación das características arquitectónicas supón unha gran dificultade por dous motivos fundamentalmente: os centros son antigos e en algún caso, non xurde como residencia de maiores e que moitos deles son patrimonio e non poden ser modificados para a adaptación á nova normativa.
- As residencias de iniciativa social, estiveron moi expandidas en toda a comunidade autónoma galega, chegando a ter residencias moi implicadas no dinamismo da comunidade, axudando ó crecemento da comunidade e á súa integración na mesma.

En relación a este último punto debemos destacar que o impacto que tiveron as residencias de iniciativa social foi tan alto que chegaron a contar con máis dun total de cinco mil prazas repartidas por toda a Comunidade Autónoma Galega.

En relación a este punto, xogaron un papel fundamental a participación social, e ata a década dos 80 as Deputacións e Concellos (administracións locais próximas) estaban caracterizados pola súa implicación, chegando a asumir en moitos dos casos ata un total do 50% do orzamento preciso para a manutención dos Centros; non obstante, este apoio á iniciativa social por parte da Administración Pública foi decrecendo por que a Administración Autonómica asumiu un papel directivo na prestación de servizos sociais, buscando a prestación directa por parte da Administración da atención residencial para a poboación.

Non obstante as prestacións económicas que outorga o Estado (sobre todo as de nivel non contributivo) non outorgan unha cobertura suficiente como para poder acudir a unha praza residencial privada, e debido a que en moitas ocasión as prazas públicas non poden ofrecer unha cobertura adecuada á toda a poboación que pode ser unha potencial usuaria de centros residenciais, polo que se fai necesaria a presenza da iniciativa social,

para poder ofrecer unha praza residencial a aquelas persoas que por exemplo tan só contan cunha pensión a nivel non contributiva de nivel mínimo (que se sitúan nunha contía aproximada de 366,90 €).

ACOLLE ten detrás un equipo de persoas que de maneira desinteresada esta neste momento o fronte e o seguinte;

Xunta Directiva

- **Presidenta** M^a Celina Rey Diéguez
Residencia Divina Pastora (Vilagarcía de Arousa)
- **Vicepresidenta** Hna M^a Isabel Lomba González
Residencia Paz y Bien (Tui)
- **Tesoreiro** Bernardo Dávila Fuertes
Residencia hosp. Asilo Nosa Sra dos Anxos (Ribadavia)
- **Vocal** Lorena González Llorente
Residencia As Dores (Lalín)
- **Vocal** Natalia Zabaleta
Coordinadora Mensajeros de la Paz

- **Secretaria Técnica** M^a Teresa Rodríguez Rivas

Nestes últimos anos bebido a crise económica, moitas das nosas residencias están tendo verdadeiras dificultades para chegar a cubrir o 100% das prazas, e as novas prazas que se van cubrindo fano moi por debaixo do prezo que teñen estipulado os Centros

2. OBXECTIVOS DE ACOLLE

Os seguintes obxectivos da Asociación Galega de Centros e Residencias de Anciáns de Iniciativa Social ACOLLE, son os que se delimitaron pola Xunta Directiva cando a asociación comezou a dalos seus primeiros pasos no ano 1995, polo que os obxectivos son os seguintes, que de igual modo se atopan como tales, nos estatutos da asociación:

- Formar o persoal das Residencias e Centros.
- Formar e informar ós directivos das Residencias acerca dos criterios xerais de xestión que se deben manter nos centros residenciais.
- Fomentar melloras prácticas na atención dos residentes a fin de aumentar a calidade de vida dos mesmos.
- Implantación de novas tecnoloxías.
- Crear novos servizos que dean resposta ás demandas emerxentes do sector das persoas maiores dependentes, tales como: axuda a domicilio, centros de día, teleasistencia e outros servizos...
- Estudalas necesidades das Residencias en eidos tales como: arquitectónico, económico, laboral e social, co fin de elaborar proxectos de adecuación á normativa vixente e ás demandas sociais.

3. FINS DA ASOCIACIÓN

Entre os fins da Asociación están os seguintes:

1. A negociación de pactos, acordos e convenios colectivos, de conformidade coa lexislación que os regula.
2. A representación dos empresarios nas relacións de conflito laboral colectivo e individual.
3. A representación institucional dos empresarios nos órganos e institucións do ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e naqueles outros de ámbito territorial inferior, no que a representación dos Centros este conferida ás organizacións empresariais.
4. A información, asistencia e asesoramento ós seus afiliados en canto empresarios.
5. A representación, coordinación, xestión, defensa e promoción dos intereses que son propios dos seus representados en canto empresarios.
6. A prestación de servizos sociais como entidade de iniciativa social, sendo a súa área de actuación as persoas maiores.
7. A representación institucional do sector coa presenza institucional nos foros de debate.

4. LIÑAS DE ACTUACIÓN

Os obxectivos e os fins expostos anteriormente, deben acadarse dun xeito global, de tal modo que a solución global estea no camiño de conseguirse mediante as seguintes liñas de actuación:

- ✓ Dar representatividade ó sector da iniciativa social e participación activa nos foros de debate.
- ✓ Unha aposta polo aumento e especialización do persoal; xa que nos Centros asociados téñense detectados problemas de especialización de persoal: precísanse Xerocultores, Terapeutas, Persoal de Administración e Xestión, Traballadores Sociais, etc. Está claro, que ACOLLE debe seguir unha liña de actuación destinada á formación do noso persoal para afrontalos novos retos e tamén actuacións na liña do aumento do persoal de Centros Residenciais asociados que teñen unhas plantillas demasiados curtas.
- ✓ Melloralas prestacións e atención de cara ós anciáns (traballando principalmente a área de fisioterapia, rehabilitación cognitiva, as actividades ocupacionais e a atención especializada), destinadas dun xeito global á mellora da calidade de vida e ó benestar colectivo dos residentes dos Centros Residenciais asociados.
- ✓ Modernización dos Centros asociados. Para adaptalos ás novas necesidades residenciais e ós novos servizos que se implantan na Comunidade Autónoma Galega. Concepción de centros de vida e actividade en contra das concepcións antigas de almacén de xente inútil ou de crear guetos, en vez de centros abertos á comunidade.
- ✓ Diversificación de servizos. A axuda a domicilio, a teleasistencia ou a creación de programas de Centros de Atención Diúrna son alternativas interesantes e máis axeitadas á futura dinámica da sociedade.

5. RELACIÓN DE ACTIVIDADES DESENVOLTAS

1. Información, orientación e asesoramento.

Dende a entidade realízase unha labor conxunta dirixida ás residencias de anciáns que constitúen esa Asociación de información, orientación e asesoramento en distintos ámbitos: sociais, laborais, normativos, de actualidade, de interese xeral, etc.

A información distribúese mediante circulares vía Internet, telefonicamente e/ou persoalmente.

Soamente a os asociación se lle mandaron uns 204 e-mail, informado de diversos temas como o progreso das negociacións do Convenio colectivo, sobre os diversos congresos e xornadas informativas, cursos de formación, cambios do IRPF, e avisando sobre as axudas con cargo o IRPF, promocións e ofertas que chegan a Asociación.

2. Xestión e tramitación de subvencións e axudas.

A entidade ocúpase de buscar, divulgar entre os asociados, solicitar e tramitar subvencións de distintas entidades públicas (Xunta de Galicia, Deputacións, Concellos...) e privadas (fundacións, obras sociais,...) das que poidamos ser beneficiarios.

3. Subvencións tramitadas no ano 2021:

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA (COHESIÓN SOCIAL E XUVENTUDE)	SUBVENCIÓN DIRIXIDA A ENTIDADES SEN ANIMO DE LUCRO PARA ACTUACIÓNS NO AMBITO DOS SERVICIOS SOCIAIS, SOCIO-SANITARIOS E DA XUVENTUDE NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA	Febreiro/ 2021
LA CAIXA	PROMOCIÓN DE LA AUTONOMIA PERSONAL Y ATENCIÓN AL ENVEJECIMIENTO, A LA DISCAPACIDAD Y A LA ENFERMEDAD 2021	Marzo 2021
CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE PROGRAMA COOPERA	AXUDAS E SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO A TRAVÉS DOS PROGRAMAS DE COOPERACIÓN NO ÁMBITO DE COLABORACIÓN COAS ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO, E SE REALIZA A SÚA CONVOCATORIA PARA O ANO 2021	Agosto/2021
IRPF POLITICA SOCIAL XUNTA DE GALICIA	-PROGRAMA DE FORMACIÓN E PROMOCIÓN DO VOLUNTARIADO: OFICINA AUTONÓMICA DE VOLUNTARIADO -PROMOCIÓN E SENSIBILIZACIÓN DO	Setembro 2021

	ENVELLECIMIENTO ACTIVO: REDE DE CLUBES DE LECTURA E REALIDADE VIRTUAL - PROGRAMA INTERXENERACIONAL DE PROMOCIION PROGRAMA INTERGENERACIONAL DE PROMOCIÓN DEL DESARROLLO SOCIOEDUCATIVO DE LOS NIÑOS EN CENTROS DE MAYORES	
SUBVENCIONS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA ACTUACIONS NO AMBITO SOCIAL NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA NO ANO 2020	-PROGRAMA DE HORTICULTURA TERAPEUTICA EN RESIDENCIAS DE MAIORES	Febrero 2021

Das subvención tramitadas, concedéronsenos as seguintes:

IRPF POLITICA SOCIAL XUNTA DE GALICIA para executar no ano 2022	PROGRAMA DE FORMACIÓN E PROMOCIÓN DO VOLUNTARIADO: OFICINA AUTONÓMICA DE VOLUNTARIADO	6.350,59
	-PROMOCIÓN E SENSIBILIZACIÓN DO ENVELLECIMIENTO ACTIVO: REDE DE CLUBES DE LECTURA E REALIDADE VIRTUAL	43.859,16
	- PROGRAMA INTERXENERACIONAL DE PROMOCIÓN DEL DESARROLLO SOCIOEDUCATIVO DE LOS NIÑOS	22.697,46
SUBVENCIONS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA ACTUACIONS NO AMBITO SOCIAL NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA NO ANO 2020	-PROGRAMA DE HORTICULTURA TERAPEUTICA EN RESIDENCIAS DE MAIORES	3.825,88

4. Promoción de relacións institucionais.

Representamos institucionalmente ás residencias asociadas a ACOLLE nos órganos e institucións do ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e en aqueles outros de ámbito territorial inferior, nos que a representación dos Centros está conferida ás organizacións empresariais.

5. Prestación de servizos sociais como entidade de iniciativa social.

A nosa área de actuación refírese ó sector da terceira idade, chegando a estender esta actuación incluso ó seu círculo familiar e social. A maioría dos nosos residentes son persoas maiores, padecendo problemas de saúde, sobre os que intentamos actual diminuíndo ou atrasando ó máximo posible o seu avance e dependencia.

Dentro destas actuacións temos programas como:

- Talleres de habilidades memorísticas y comunicación asertiva

6. Programas subvencionados

6.1 Programa de Formación e Promoción do Voluntariado: Oficina Autonómica de Voluntariado

Este ano coa concesión da Axuda Publicada Xunta de Galicia do IRPF desenvolveuse o Programa de Formación e Promoción do Voluntariado: Oficina Autonómica de Voluntariado.

Sentirse só a pesar de estar rodeado de xente. Esta é a situación dalgunhas persoas maiores que se aloxan en residencias. E é que non todos teñen parentes para visitalos ou facelo tantas veces como sexa desexable.

Especialmente ao comezo da vida na residencia, co paso do fogar a unha institución, hai unha ruptura co ambiente da persoa maior e poden aparecer frecuentemente sentimentos de soidade. O voluntario axuda a combater dita situación.

Este ano fíxose virtualmente debido á pandemia.

6.2 Talleres de Lectura

Este ano coa concesión da Axuda Publica da Xunta de Galicia do IRPF desenvolveuse o Programa de Promoción e Sensibilización do Envelhecimento Activo: Rede de Club de lectura e Realidade Virtual nos centros de Acolle.

6.3 Programa de horticultura terapéutica en residencias de maiores

Gracias a axuda da Xunta de Galicia podemos desenrolar este programa destinado a aumentar el bienestar dos residentes a través da práctica de horticultura.

7. Programas de formación para o persoal dos centros asociados.

Na nosa longa traxectoria desenvolvemos proxectos de formación continua dos profesionais das residencias de maiores asociadas.

Da súa formación vai depender en parte o bo funcionamento dos nosos Centros e o bienestar dos nosos residentes.

Se han xestionado Programas Formativos de distintas Residencias de Maiores con Formación Bonificada a través dos créditos formativos destinados a tales fins, deixando un 10% de rendemento deses programas a Asociación Acolle.

Realizáronse cursos mediante formación subvencionada nos centros que o pediron:

- Curso de Coidados Paliativos
- Limpeza e desinfección
- Coidados de Feridas e Ulceras
- Manipulador de Alimentos
- Manexo do desfibrilador semiautomático DESA
- Curso Superior de Dietética e Nutrición
- Microsoft Excell 2010

8. Convenio de colaboración co Concello de Pontevedra.

Realizamos diferentes actividades en colaboración co Concello de Pontevedra para persoas maiores non dependentes, e principalmente un curso de formación de habilidades memorísticas para maiores, máis coñecido como “Talleres de Memoria”.

Os seus destinatarios son persoas maiores de 60 anos.

Debido a pandemia non se puideron comezar no curso escolar pero comezaron no mes de novembro 2021 para darlles continuidade durante o ano escolar

Nº grupos: 13.

Parroquias do Concello de Pontevedra nas que se imparten os cursos:

ESTRIBELA MOURENTE PONTESAMPAIO BORA MARCON SALCEDO

TOMEZA A PARDA CENTRO SUR SAN ROQUE LEREZ Y CASINO

MERCANTIL. Nalgunha de las 2 grupos.

9. Comisión negociadora e Comisión Paritaria do IV Convenio colectivo de Residencias privadas da terceira idade de Galicia



Acolle forma parte da comisión Paritaria do V Convenio colectivo de Residencias privadas da terceira idade de Galicia co obxecto de dar resposta á consulta sobre o disposto no artigo 41.

10. Asembleas e Xuntas Directivas de Acolle

Este ano a Xunta Directiva e os Centros Asociados xuntáronse por tele conferencia dada a continuidade da situación pandémica .

11. Acontecementos destacados na vida da Asociación no ano 2021.

- Xestión cursos bonificados nos centros ACOLLE : Ribadavia, Tui,Vilagarcia, Lalin.
- Reunión Institucionais varias :
 - o Con FERNANDO GONZALEZ ABEIJON. Director Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade na Xunta de Galicia
 - o Reunión Xunta directiva con AGASEDE- Asociacion Galega do Sector Da Dependencia para analizar a Situación do Sector en Galicia e crear propostas concretas ante a Consellería de Política Social.
 - o Ca Secretaria Xeral Técnica, María Francisca Gómez Santos e a Subdirectora Xeral de Autorización e Inspección de Servizos Sociais, Mercedes Cardelle Espasandín,
 - o Con Luis Miguel Vazquez Carreira, da SUBDIRECCIÓN XERAL DE PROMOCION DA AUTONOMIA PERSOAL E PREVENCION DA DEPENDENCIA Responsable de la Subvención del IRPF e
 - o Con Yolanda Otero Balsa . Subdirectora Xeneral de recursos residenciais e atención diurna e Responsable dos fondos europeos NExt Generation
- Presentación dun Proxecto na MANIFESTACIÓN DE INTERESE DE PROXECTOS AUTONÓMICOS no PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA. PROXECTOS PARA O SECTOR DE SERVIZOS SOCIAIS DE GALICIA

- Participación de ACOLLE na COMISION “ APOSTA POLAS POTENCIALIDADES DA TECNOLOXIA NO AMBITO SOCIO SANITARIO ” dentro do NOVO MODELO RESIDENCIAL que a Consellería de Política Social a través da DIRECCION XERAL DE ATENCION INTEGRAL SOCIO SANITARIA está establecendo co fin de permitir unha atención integral de calidade poñendo no centro os Usuarios destes servizos Sociosanitarios.
- Participación na “ JORNADA FONDOS EUROPEOS “ de LARES
- Participación de ACOLLE na ASAMBLEA ORDINARIA LARES.
- Participación na CAMPAÑA CENTIMO SOLIDARIO EROSKI-VEGALSA durante todo o mes de Xulio. ACOLLE, beneficiaria da campaña.



- Participación na CAMPAÑA LARES #PORUNTRATOJUSTO. LALIN
- ENTREVISTA NA REVISTA ENTREMAYORES publicada o 7 de Setembro 2021
<http://entremayores.es/spa/ccaa.asp?var2=Galicia&var3=%27La%20apuesta%20por%20la%20tecnolog%EDa%20al%20servicio%20de%20la%20mejora%20de%20la%20calidad%20de%20vida%20es%20un%20pilar%20fundamental%20sobre%20el%20que%20se%20basar%20el%20modelo%27&nar1=3&nar2=21&nar3=48014&nar5=1>
- Participación na CONSTITUCIÓN DA CONFEDERACION DE EMPLEADORES SOCIALES e Asamblea xeral e Xunta directiva de LARES.
- Participación de ACOLLE na reunión do CONSELLO GALEGO DE BENESTAR SOCIAL a través de video conferencia co tema: Anteproxecto do decreto polo que se modifica o Decreto 43/2019, do 11 de abril, polo que se crea e se regula o Observatorio Galego da Familia e da Infancia




asociación galega de residencias e centros de anciáns
de iniciativa social

- PARTICIPACION DE ACOLLE , desde a OFICINA NACIONAL DE PROSPECTIVA e ESTRATEGIA, Dirección general de la PRESIDENCIA DEL GOBIERNO que se encarga de analizar los retos y oportunidades a los que se enfrentará ESPAÑA en las próximas décadas y de ayudar al país a prepararse para ellos, as XORNADAS " EL FUTURO DEL ENVEJECIMIENTO" con ponentes de primera línea.

(e esperamos)




- PARTICIPACIÓN DE ACOLLE no XV CONGRESO EUROPEO LARES-EAN ,
Garantizando os dereitos nos coidados de longa duración .Una mirada post-COVID
- I Encuentro de dinamizadores de clubes de lectura fácil LARES.
Coa presenza de MARIA PERALTA , escritora de libros de lectura fácil
- REUNIONES varias da MESA NEGOCIADORA DEL CONVENIO COLECTIVO DE
RESIDENCIAS . Representando a ACOLLE , Antonio Molina, representante jurídico
de LARES
- IBERNEX e LARES ANDALUCIA. “ Encontro sobre a transformación dixital e o
modelo de coidado centrado na persoa”



- Asistencia de ACOLLE á XORNADA en directo dende San Sebastián , organizada pola FUNDACION MATIA



- XORNADA sobre IGUALDADE 14 DICIEMBRE 2021 Organizada por LARES. a cargo do Asesor Xurídico ANTONIO MOLINA SMICH



- PARTICIPACIÓN DE ACOLLE CONMEMORANDO O DIA DE LA SOLIDARIDADE 20 DE DICIEMBRE nunha mesa coloquio sobre RSE de VEGALSA EROSKI “INICIATIVAS SOLIDARIAS EN TIEMPOS DE PANDEMIA”.



- Participación CONSELLO GALEGO DE BENESTAR SOCIAL. Temas dependencia y atención a Maiores.
- Jornada día del voluntariado 5 de diciembre 2021. Organizada por lares. Presentación PROGRAMA TEJIENDO REDES de Lares Valencia

6. LINEAS DE ACTUACION ESTRATEXICAS 2020-2024

- Ser o operador de referencia no sector en canto a calidade asistencial prestada aos seus usuarios no ámbito de entidades sen ánimo de lucro.
- Seguir ampliando a rede de asociados en toda Galicia e ampliar a súa oferta de servizos para chegar a novas tipoloxías de usuarios dependentes.
- Consolidar a compañía como un lugar excelente no que traballar, ético e transparente, e comprometido coa sociedade, o medio ambiente e a igualdade de oportunidades.

¿QUE QUEREMOS QUE SEXA ACOLLE NOS PRÓXIMOS ANOS?

- Unha empresa referente e con vocación de liderado no sector da dependencia e na prestación de coidados da máxima calidade ás persoas maiores nos nosos centros, na que o usuario e a súa familia se sentan atendidos e coidados por un persoal próximo, cualificado e comprometido. E, ao mesmo tempo, ser un bo lugar para traballar onde se fomenta o desenvolvemento, a colaboración e o recoñecemento, e contribúase á mellora da contorna e da sociedade.
- ATENCIÓN CENTRADA NA PERSOA: Conseguir que todos os nosos asociados poda levar una política de atención centrada no coidado da persoa e as súas necesidades (físicas, psíquicas, emocionais), a través dunha atención inter-disciplinar, integral e de alta calidade técnica e humana, con especial atención ao trato amable, próximo e cálido, baseado en escoita activa do usuario e a súa familia, en contornas confortables e adaptadas que fagan aos nosos usuarios sentirse en casa.
- COMPORTAMENTO ÉTICO E TRANSPARENCIA: Queremos ser unha asociación ética, aberta e transparente en todas as súas actuacións e na comunicación das mesmas a todos os seus públicos internos e externos, promovendo así mesmo neste mesmo comportamento entre os seus grupos de interese.



asociación galega de residencias e centros de anciáns
de iniciativa social

- **MOTIVACIÓN:** Somos unha asociación que procura motivar e xerar ilusión entre os nosos profesionais para que sentan parte decisiva da empresa e para poñer en valor o traballo que desenvolven no seu día a día, buscando que este sexa recoñecido e valorado.

Potenciamos o desenvolvemento profesional e persoal dos nosos profesionais, a súa formación e promoción, buscando así mesmo a retención do talento. Así mesmo, potenciamos a participación de usuarios, familiares e traballadores no desenvolvemento da nosa actividade, para que sentan parte activa da forma de traballar dos nosos centros.

- **SUSTENTABILIDADE E COMPROMISO SOCIAL :** Somos unha asociación que aposta por manter un equilibrio económico que aune a eficiencia e o bo uso dos recursos co coidado da calidade do servizo. Estamos comprometidos co desenvolvemento do sector, coa mellora do medio ambiente e co compromiso social nas nosas contornas máis próximas e na sociedade en xeral.

- **COMPROMISO COA EXCELENCIA:** Somos unha asociación que busca facer cada día mellor o seu traballo, buscando a excelencia na atención ás persoas maiores e as súas familias e a súa máxima satisfacción. Para iso, apostamos polo desenvolvemento de políticas de calidade orientadas á mellora continua, ademais de dotar aos nosos profesionais da formación e os recursos necesarios para iso, buscando así mesmo que os nosos centros sexan contornas seguras para os nosos usuarios e profesionais.

7. ANEXOS

ANEXO 1

Acolle está composto por 12 centros, situados en toda a xeografía galega e que se indican a continuación.

NOMBRE RESIDENCIA	DIRECCION	CORREO ELECTRONICO	TELEFONO
R. PADRE RUBINOS	AVDA. LA BAÑOU, 2 15011 LA CORUÑA	mar.ibsrubinos@gmail.com	981-251998
R. HOSP- ASILO DE VILALBA	AVDA. DOUTOR PLACIDO PEÑA, 102, 27800 VILALBA. LUGO	jesus.ramil@fhav.org	982-510006
R. NTRA. SRA. DAS DORES	C/ D, 17, 36500, LALÍN. PONTEVEDRA	direccionresi@terra.es	986-781897
F. RESIDENCIA DIVINA PASTORA DE VILAGARCÍA DE AROUSA	C/ RAMON LOPEZ PIÑEIRO, 11, 36600 VILAGARCÍA DE AROUSA. PONTEVEDRA	celinapontevedra@yahoo.es	986-501902
R. PAZ Y BIEN DE TUI	C/ SARABIA, 8, 36700, TUI. PONTEVEDRA	noelia@residenciapazybien.com	986-600711
FUND. HOSPITAL-ASILO NOSA SRA. DOS ANXOS	RÚA CELSO EMILIO FERREIRO, 2, 32400 RIBADAVIA. OURENSE	fundacion@nosanxos.es	988-470104
RESIDENCIA Y CENTRO DE DIA SAN CIPRIAN	AVENIDA DA VEIGA, 25, 27890, CERVO	residenciacervo@edaddoradacm.es	982062731
R. DE ANCIANOS "MI CASA"	C/ CORUÑA, 15401, FERROL	micasaferrol@telefonica.es	981-353-999
R. NTRA. SRA. DEL CARMEN	R/ ALFREDO SARALEGUI, 1, 15155, FISTERRA. A CORUÑA	casafamiliafisterra@hotmail.com	981740193
R. ROMERO BLANCO MONROY	CAMPO DE LAS RUEDAS, 14, 15200, NOIA. A CORUÑA	laura@fromeroblanco-monroy.org	981 820244
RESIDENCIA SAN RAFAEL	R/ JOSE MARIA PARDO MONTENEGRO, 26 27740. MONDOÑEDO. LUGO	Residenciamondonedo@edaddoradacm.es	982521833



asociación galega de residencias e centros de anciáns
de iniciativa social

FUNDACION RAIOLA GUILIADA, 116, 15319 BETANZOS

fundacionraiola@gmail.com

981772586

ANEXO 2

